

Día Mundial da Arquitectura - Luns 5 de outubro

Arquitectura para vivir mellor

"O deseño urbano e a arquitectura son claves para unha mellor calidade de vida para todos". UIA 2020

O 5 de outubro, con motivo do Día Mundial da Arquitectura, os arquitectos e arquitectas de todo o mundo proclamamos o valor da Arquitectura e a calidade do contorno construído para mellorar o benestar das persoas e o equilibrio medioambiental, e reafirmamos o noso compromiso cun cometido que orienta e dá sentido á nosa profesión.

A pandemia de coronavirus, que fixo que pasemos máis tempo nas nosas vivendas, *modificou os costumes e os espazos sociais e, unha vez máis, revelou en todo o mundo que as crises afectan desproporcionadamente ás poboacións máis pobres e vulnerables**. Esta realidade recórdanos a importancia que teñen un bo contorno construído e a boa Arquitectura na protección da nosa saúde e na mellora das nosas condicións de vida.

E non só agora debido á crise da Covid19. Unha vez que teñamos superado a pandemia e estea encamiñada a resposta á crise económica derivada dela, seguirá a ser necesario abordar os retos sociais e climáticos que degradan progresivamente a nosa calidade de vida. Estes desafíos, previos á pandemia, requiren unha transformación acelerada das nosas cidades, edificios e vivendas. A maioría delas construíronse de acordo con formas de vida que xa non son as nosas, consumindo recursos naturais que agora sabemos que son limitados e que, polo tanto, non podemos dilapidar, e actualizalas para que contribúan a construír un futuro mellor é un reto colectivo urxente nos próximos anos e a prioridade no traballo dos arquitectos e arquitectas.

Noutras edicións, o Día Mundial da Arquitectura promoveu o encontro social coa celebración de actos, debates e visitas a edificios que contribuían ao coñecemento e á posta en valor dun patrimonio colectivo legado por xeracións anteriores que debemos protexer e mellorar para as seguintes. Neste ano, no que a pandemia dificulta estas accións, tamén propoñemos que cada un de nós, responsables e capaces, en maior ou menor medida, de impulsar a mellora do noso contorno, nos sintamos actores do cambio e da mellora da calidade do noso contorno construído a partir da difícil experiencia que a todos nos deparou esta pandemia.

No Día Mundial da Arquitectura, os arquitectos e arquitectas reiteramos o noso compromiso coa sociedade e a nosa determinación para axudar a mellorar o seu benestar e equilibrio medioambiental, coa modernización do sector e do noso país, impulsando a rehabilitación, a renovación urbana e o acceso á vivenda. Para isto precísase un marco normativo e económico con condicións profesionais dignas e adecuadas que nos permita contribuír coa nosa maior capacidade para que a Arquitectura garanta o benestar, a saúde e a seguridade de todas as persoas mellorando a calidade do contorno construído..

Lluís Comerón Graupera
Presidente dea CSCAE

* [Extracto de la declaración de la UIA por al Día mundial de la Arquitectura 2020. -](#)